



AS LETRAS

A B C D E F
G H I L
M N Ñ O
P Q R S T U
V X Z
~~JKWY~~



ÍNDICE

AS LETRAS

1. AS LETRAS.....	1
1.1 O abecedario.....	1
<i>Exercicios</i>	1
1.2 Letras na oralidade e na escrita.....	2
<i>Exercicios</i>	3
1.3 A sílaba.....	4
<i>Exercicios</i>	5
2. XÉNEROS DISCURSIVOS.....	6
2.1 Texto oral informal.....	6
2.2 Texto oral formal.....	6
SOLUCIÓN.....	7
Exercicio 1.....	7
Exercicio 2.....	7
Exercicio 3.....	7
Exercicio 4.....	7
Exercicio 5.....	8
Exercicio 6.....	8
Exercicio 7.....	8
Exercicio 8.....	8



1. AS LETRAS

Charlar coa veciñanza, parolar coas persoas que venden nas tendas ou parrafear coa familia e amizades son conversas espontáneas habituais no teu día a día. En cambio, ao longo da túa vida enfróntaste a situacións que esixen unha oralidade máis planificada, é o caso das entrevistas de traballo.

De xeito espontáneo ou planificado, a lingua é un instrumento moi valioso para a comunicación humana. En concreto, **a lingua galega presenta 23 letras**, podes adiviñar cales son? Unha cousa son as letras e outra, os sons. Ao longo desta unidade vas descubrir algunha que outra peculiaridade das letras na oralidade e na escrita. Estás preparada ou preparado para comezar? Pois alá imos!

1.1 O abecedario

O abecedario ou alfabeto é o conxunto de letras ordenadas dunha lingua. Sabías que **o abecedario galego ten 23 letras**, mentres que o castelán ten 27? Pois así é! Ademais, as letras en galego teñen **xénero masculino**. A continuación, tes á túa disposición as letras e o seu nome precedido de artigo

A: o a	B: o be	C: o ce	D: o de	E: o e	F: o efe
G: o gue	H: o hache	I: o i	L: o ele	M: o eme	N: o ene
Ñ: o eñe	O: o o	P: o pe	Q: o que	R: o erre	S: o ese
T: o te	U: o u	V: o uve	X: o xe	Z: o ceta/o zeta	

Así pois, **o abecedario galego non contén** as seguintes catro letras que si ten o alfabeto do castelán: **j, k, w, y**. Estas letras só están presentes en palabras que se toman directamente doutras linguas.

J: o iota **K:** o ka **W:** o uve dobre **Y:** o i grego



EXERCICIOS

Exercicio 1

Escrebe o nome das seguintes letras do abecedario galego precedidas do artigo, tal e como está nos exemplos feitos:



- **D:** o de.
- **S:** o ese.
- **B:**
- **G:**
- **T:**
- **V:**

Exercicio 2

Rodea as palabras que conteñen letras que non forman parte do abecedario galego:

- Karate, avoa, jazz, cafetería, wifi, auga, yé-yé, ventá.
- Moto, wáter-polo, judo, hóckey, harmonía, casa, karma.

1.2 Letras na oralidade e na escrita

- **G** ou **gu**?
 - Escríbese **g** se despois van as vogais a, o, u: **garra**, **gota**, **gusto**.
 - Escríbese **gu** se despois van as vogais e e i: **guerra**, **guitarra**.
- **C** ou **qu**?
 - Escríbese **c** se despois van as vogais a, o, u: **cazo**, **cousa**, **custo**.
 - Escríbese **qu** se despois van as vogais e e i: **queixo**, **guitar**.
- **C** ou **z**?
 - Escríbese **z** antes de a, o, u: **zapato**, **zoco**, **zume**.
 - Escríbese **c** antes de e, i: **Cecilia**.
- **R** ou **rr**?
 - Escríbese **rr** cando soa forte e vai no medio de dúas vogais: **arrancar** ou **carro**.
 - Escríbese **r** no resto dos casos: **rata**, **cantar**, **enredar**.
- **X**
 - O **x** de **xamón** pronúnciase diferente que o **x** de **exame**.



Que ocorre se non sabes como se pronuncia unha letra ou unha palabra? Pois podes ir ao Dicionario da Real Academia Galega: [Dicionario | Real Academia Galega](#). Unha vez que busques a palabra que che interesa, tes o símbolo dun altofalante no que podes pinchar para escoitar como se pronuncia. Na seguinte imaxe podes ver a busca da palabra *exame* cun círculo en vermello no que has de darlle se a palabra queres escoitar.

BUSCA SIMPLE

SINÓNIMOS

BUSCA AVANZADA

☐ Ver exemplos
 ☐ Ver marcas expandidas
 ☐ Busca predictiva

exame

[ks]

substantivo masculino

1 Observación coidadosa e atenta.
Imos facer un exame da situación.
► SINÓNIMOS **análise, estudo**
Someteuse a exame médico.

2 Proba ou conxunto de probas que se fan a un candidato para determinar as súas aptitudes.
Está estudando moito para os exames de fin de curso.



EXERCICIOS

Exercicio 3

Completa con *g* ou *gu* segundo corresponda:

.....iso	ato	a.....ia	orra	epardo
.....itarra	man.....eirataru.....a	alo	ula	
xo.....etes	a.....asallo	erreiras	ce.....oña	a.....ora

Exercicio 4

Completa con *c* ou *qu* segundo corresponda:



.....aderno erer into ousa abaza
.....uarta ase ebrar onto abeza
.....uadrícula a.....í in.....ontable re.....uncho ente

Exercicio 5

Completa con *c* ou *z* segundo corresponda:

ve.....iño ume isne ferven.....a ma.....á
ma.....eira amburiña coñe.....er quin.....e esque.....er
ra.....ón irco pa.....o éspede pesco.....o

Exercicio 6

Completa con *r* ou *rr* segundo corresponda:

fe.....o pe.....a o.....denada ceb.....a ama
.....obe.....to se.....a c.....ema ba.....il a.....anca
ls.....ael diñei.....o afo.....o a.....ma que.....e

Exercicio 7

Clasifica as seguintes palabras segundo o *x* soe coma en *xamón* ou coma en *exame*. Podes empregar o [Dicionario | Real Academia Galega](#) para axudarte: *xantar*, *exactitude*, *hoxe*, *xefa*, *xadrez*, *exótica*, *óxido*, *hexágono*, *xorda*, *asexar*.

Xamón	Exame

1.3 A sílaba

A **sílaba** é cada un dos **golpes de voz** dos que consta unha palabra. Dependendo do número de sílabas as palabras poden ser:



Monosílabas. Teñen **unha** única sílaba: *sol, pan*.

Bisílabas. Teñen **dúas** sílabas: *me-sa, car-ta*.

Trisílabas. Teñen **tres** sílabas: *re-cor-dar, plá-ta-no*.

Polisílabas. Teñen **catro ou máis** sílabas: *bi-ci-cle-ta, ri-no-ce-ron-te*.



EXERCICIOS

Exercicio 8

Divide as seguintes palabras en sílabas e clasifícaaas na táboa: *mar, turrón, escola, inverno, robot, tren, almanaque, teléfono, orde, amiga*.

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas



2. XÉNEROS DISCURSIVOS

2.1 Texto oral informal

Falar con outras persoas quizais sexa un dos xeitos que máis empregas para comunicarte. Pois a iso chámase **conversa espontánea**. Nela dúas ou máis persoas interveñen de xeito oral **presencialmente** ou a través de **chamada telefónica**. Cando falas con alguén habitual é que interveñades **por quendas** e que **o tema ou temas tratados vaian xurdindo** ao longo da conversa.

2.2 Texto oral formal

A oralidade non sempre é totalmente espontánea, senón que en ocasións está planificada. É o caso das **entrevistas**. Pensa nese momento no que te presentas a unha **entrevista de traballo**, verdade que a persoa que realiza a entrevista ten as **preguntas ben preparadas**? Ademais, nese contexto ti tes un **obxectivo claro**.

Algo similar ocorre na radio e na televisión, ambos os dous **son medios de comunicación nos que a palabra ten un papel fundamental**. No caso da **radio** a oralidade é o único medio a través do cal se transmite a información. En cambio, na **televisión** a palabra oral está acompañada de imaxes e en ocasións tamén da palabra escrita. O que si teñen en común é que **a información está preparada**.



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Escrebe o nome das seguintes letras do abecedario galego precedidas do artigo, tal e como está nos exemplos feitos:

- **D:** o de.
- **S:** o ese.
- **B:** o be
- **G:** o gue
- **T:** o te
- **V:** o uve

Exercicio 2

Rodea as palabras que conteñen letras que non forman parte do abecedario galego:

- Karate, avoa, jazz, cafetería, wifi, auga, yé-yé, ventá.
- Moto, wáter-polo, judo, hóckey, harmonía, casa, karma.

Exercicio 3

Completa con *g* ou *gu* segundo corresponda:

guiso	gato	agua	gorra	guepardo
guitarra	mangueira	tartaruga	galo	gula
xoguetes	agasallo	guerreiras	cegoña	agora

Exercicio 4

Completa con *c* ou *qu* segundo corresponda:

caderno	querer	quinto	cousa	cabaza
cuarta	case	quebrar	conto	cabeza
cuadrícula	aquí	incontable	recuncho	quente



Exercicio 5

Completa con *c* ou *z* segundo corresponda:

veciño	zume	cisne	fervenza	mazá
maceira	zamburiña	coñecer	quince	esquecer
razón	circo	pazo	céspedede	pescozo

Exercicio 6

Completa con *r* ou *rr* segundo corresponda:

ferro	pera	ordenada	cebra	rama
Roberto	serra	crema	barril	arranca
Israel	diñeiro	aforro	arma	quere

Exercicio 7

Clasifica as seguintes palabras segundo o *x* soe coma en *xamón* ou coma en *exame*. Podes empregar o [Dicionario / Real Academia Galega](#) para axudarte: *xantar*, *exactitude*, *hoxe*, *xefa*, *xadrez*, *exótica*, *óxido*, *hexágono*, *xorda*, *asexar*.

<i>Xamón</i>	<i>Exame</i>
<i>xantar, hoxe, xefa, xadrez, xorda, asexar.</i>	<i>exactitude, exótica, óxido, hexágono.</i>

Exercicio 8

Divide as seguintes palabras en sílabas e clasifícaaas na táboa: *mar*, *turrón*, *escola*, *inverno*, *robot*, *tren*, *almanaque*, *teléfono*, *orde*, *amiga*.

Monosílabas	Bisílabas	Trisílabas	Polisílabas
mar	tu – rrón	es – co – la	al – ma – na – que
tren	ro – bot	in – ver – no	te – lé – fo – no
	or – de	a – mi – ga	